

O ESTIMULADOR



Tít. orixinal: *The Fluffer*

Ano: 2001

Duración: 95 min.

País: EE.UU.

Dirección: Richard Glatzer, Wash West

Guión: Wash West

Música: John Vaughn & The Bowling Green

Fotografía: Mark Putnam

Reparto: Scott Gurney, Michael Cunio, Roxanne Day, Richard Riehle, Deborah Harry, Robert Walden, Taylor Negrón, Tim Bagley

Productora: Fluff and Flod

Xénero: drama

Non recomendada para menores de 18 anos

Sinopse: Sean é un mozo de pobo que vai a Hollywood, aluga un video porno gay e namórase de pés a cabeza da súa portentosa estrela, un tal Johnny Rebel. Desexando coñecer ó seu ídolo personalmente, Sean introdúcese no negocio como cámara a tempo parcial e como "fluffer" a xornada completa. No caso de Rebel. As cousas aínda son máis complicadas debido a que el actúa como gay unicamente por cartos. Aparentemente todo isto representa una metáfora da honestidade sexual, encontrándose na situación do verdadeiro romántico obrigado a amar dende unha distancia imposta

Crítica

(tomado de <http://www.culturatenerife.net>)



Cun título e unha portada pouco atraentes, e ambientada no tórrido mundo da industria do porno gay, "The Fluffer" é moito máis que unha película para "entendidos". Trátase dunha das longametraxes máis interesantes producidas no ano 2001, que enfronta ó espectador a temas universais como é a crise da identidade sexual, os amores non correspondidos, a adicción ás drogas ou o aborto.

"O estimulador", a medio camiño ente "Boggie Nights", que tamén se centraba na industria do porno nos anos 70 e 80, e "Cowboy de medianoite", a película é unha biografía libre dun dos directores e

guionistas da cinta, Wash West, que foi e sigue sendo un intérprete de cine porno e comezou a súa carreira como estimulador.

As súas vivencias inspiraron esta cinta, codirixida polo realizador Richard Glatzer, que salta da comedia ó drama con brillantes xogos de palabras. "O estimulador" do título refírese ó posto de traballo dentro da industria do cine que se ocupa de "quentar" ás estrelas masculinas entre toma e toma.

Movéndose entre o documental polos interiores desta industria tan caseira coma próspera, a película evoluciona coas historias de amor que desenvolven a trama. Contada cun estilo propio que resplandece habilidade, "The Fluffer" é un exemplo de bo cine con baixo presuposto que é compensado cun guión brillante e unhas interpretacións maxistras. Na cinta, protagonizada por Scout Gurney ("Turbulence") e o debutante Michel Cunio, interveñen grande cantidade de personaxes famosos como Debby Harry (cantante de "Blondie"), Chi Chi La Rue (director porno gay do momento) ou Guinevere Turner (actriz de "American Psycho", "Go Fish" e "Dogma").

Presentada no Festival de Cine de Berlín 2001, na Sección Panorama, e no Festival de Cine de Toronto, Sección Oficial, Glatzer e West sorprenderon á crítica cunha película intelixente, divertida e que toca temas universais. Unha filme sobre o mundo gay para tódolos públicos.